

VI. ANUNCIOS**B) ADMINISTRACIÓN LOCAL****CONCELLO DE VIGO**

ANUNCIO da licitación do mantemento da sinalización horizontal e vertical deste concello.

1. Entidade que adxudica: organismo: Concello de Vigo. Dependencia: Seguridade e Mobilidade. Nº expediente: 98714-210.

2. Obxecto do contrato: o mantemento integral da sinalización viaria; comprende asesoramento, subministración, almacenamento, transporte, instalación, aplicación, conservación, revisión, reposición, retirada e substitución da sinalización en vías públicas.

Lugar de execución: Vigo.

Prazo de execución: 4 anos. Prórroga: si, dúas prórrogas dun ano de duración cada unha.

3. Tramitación e procedemento.

Tramitación: urgente.

Procedemento: aberto.

4. Orzamento base: 1.983.471,08 euros, IVE que soportará a Administración: 416.528,92 euros. Orzamento total: 2.400.000,00 euros.

5. Garantías exixidas. a) Provisional: non se exige. b) Definitiva: si (5 % do prezo de adxudicación do contrato, excluído o IVE). c) Complementaria: non.

6. Obtención da documentación e información: www.vigo.org (perfil do contratante), teléfono 986 81 01 48. Fax: 986 22 62 06.

Data límite para solicitar documentación: ata 7 días antes do día de finalización do prazo de presentación de proposicións.

CVE-DOG: t9jqvk53-rdx4-ryg3-afm4-zu4rp8ytp18



7. Requisitos específicos do contratista: a) Documentos acreditativos da solvencia económica e financeira: declaración do volume anual de negocio. Consideraranse con solvencia económica e financeira os licitadores que no conxunto dos últimos tres anos teñan un volume de facturación que sexa igual ou superior ao prezo do contrato ou documento acreditativo de posuír a seguinte clasificación: grupo O, subgrupo 2, categoría 4. b) Documentos acreditativos da solvencia técnica e profesional: unha relación dos principais servizos ou traballos, de igual ou similar natureza que os que constitúan o obxecto do contrato, realizados nos últimos cinco anos (entenderase que este prazo remata o último día para a presentación de ofertas) que inclúa importe, as datas e o destinatario, público ou privado, destes. Considerarase acreditada a solvencia se nalgún dos últimos cinco anos acredita servizos ou traballos por importe igual ou superior a unha anualidade media do prezo do contrato. Os servizos ou traballos efectuados acreditaranse mediante certificados expedidos ou visados polo órgano competente, cando o destinatario sexa unha entidade do sector público; cando o destinatario sexa un suxeito privado, mediante un certificado expedido por este ou, na falta deste certificado, mediante unha declaración do empresario ou documento acreditativo de posuír a seguinte clasificación: grupo O, subgrupo 2, categoría 4.

8. Presentación de ofertas: prazo: rematará o día 6 de setembro de 2017.

Documentación: a exixida nas cláusulas 12 e 13 do prego de condicións administrativas e no punto 7 das FEC.

Lugar de presentación: Rexistro Xeral do Concello de Vigo, praza do Rei, nº 1, 36202 Vigo, ata as 13.30 horas do último día de prazo.

Admisión de melloras: si.

Prazo da obriga de manter a oferta: dous meses contados desde o día da apertura de proposicións.

9. Apertura das ofertas técnicas e económicas: entidade, domicilio e localidade: véxase punto 6 do anuncio.

Data e hora: anunciaranse no perfil do contratante do Concello de Vigo.

10. Outras informacións:

CVE-DOG: i9jqvk53-rdx4-ryg3-afm4-zu4rp8ytp18



11. Páxina web para obtención de información: www.vigo.org

Vigo, 17 de agosto de 2017

O alcalde
P.D. (Decreto e Acordo do 19.6.2015)
David Regades Fernández
Concelleiro delegado de Contratación

CVE-DOG: t9jqvk53-rdx4-ryg3-afm4-zu4rp8yttp18

